

# GAÑADORA na categoría de BACHARELATO-FP

LUCÍA ÁLVAREZ ÁLVAREZ

IES Politécnico de Vigo

## A MUDANZA

Espertou. A cama resultáballe estraña. Eran as cinco da mañá. Decidiu adiantar a súa partida; sairía hoxe cedo e procuraríase outra casa. Ergueuse, fixo uns breves estiramientos e acudiu ao cuarto de baño para tomar unha boa ducha. Quería apracer a súa mente: esa noite volvera ter pesadelos, as pastillas deixaran de facer efecto. Enredouse coa auga quente, era un privilexio do que non gozaba moito ultimamente.

Tirou as únicas prendas da súa talla do armario e buscou algo sinxelo, pero que lle dera unha aparencia elegante. Tras afeitarse a súa frondosa barba ao completo e cortar o cabelo longo e liso case ao cero, escolleu unha camisa branca e uns vaqueiros gastados; iso bastaría.

A xeito de despedida, ou se cadra de recordo, colleu a cámara de fotos que había na mesiña de noite. Percorreu primeiro o cuarto no que se encontraba: cunha gran cama de matrimonio e un amplo cuarto de baño na parede oposta. Saíu logo ao corredor, que estaba cuberto de instantáneas familiares. Esa casa albergaba bos recordos. Pasou entón ao cuarto dos nenos, cunha liteira ao fondo e decenas de xoguetes esparexidos polo chan. Velaí que el nunca quixese telos. Fixo unha foto da cociña, que para el carecía de interese, pero desexaba plasmar completamente a casa onde ocorrera toda esa fantasía. Retratouno todo polo miúdo.

Deixou para o final a sala de estar; tratou de ser coidadoso cos ángulos da cámara, pero non puido evitar que saísen as manchas pardas da moqueta.

Antes de saír, colleu, de recordo, as chaves, baleirou a carteira que estaba na mesa e pousouna lentamente no corpo inerte do seu dono.

Pasaran tres días.

A familia de enfronte parecía agradable.